



Concello de Meaño

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 10 DE NOVEMBRO DE 2023 (PLN/2023/11).

ASISTENTES

GRUPO POLÍTICO

ALCALDE, que preside:

D. Carlos Vieitez Fernández VEDM

CONCELLEIROS:

D^a Mercedes Cousido García VEDM

D^a Raquel Balboa Torres VEDM

D. Jorge Besada Serén VEDM

D^a Belén Mosteiro Lobato VEDM

D^a Sheila Feteira Santos VEDM

D. Ramón Tilve Castro VEDM

D. Ramón Alfonso Piñeiro VEDM

Incorpórase a sesión no 2º punto do orde do día

D^a Cristina Castro Pintos MI

D. José Manuel Asperéz Montes MI

D. José Angel Lubian Barreiro MI

D. Jesús Joaquín Sueiro Méndez PP

D^a Rosana Domínguez Rey BNG

CONCELLEIROS NON ASISTENTES:

SECRETARIA:

D^a M^a Teresa Escudero Barral

No Salón de Sesións da Casa Consistorial de Meaño, ás 14:30 horas do día 10 de novembro de 2023, reúnese, previa convocatoria, o Pleno da Corporación en sesión extraordinaria e urxente coa asistencia dos Sres/as concelleiros/as que se relacionan na marxe.

A tódolos/as asistentes fíxoselles chegar copia da orde do día, cos asuntos a tratar, poñéndose a súa disposición os expedientes da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente.

Concorrendo o quorúm necesario, declárase validamente constituída a sesión.

1º.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

O Sr. alcalde-presidente manifestalles aos membros presentes da Corporación que o carácter urxente desta sesión ven dada porque segundo se sinala na documentación remitida polo Servizo Provincial de Costas a aceptación a que fai referencia o punto 2º do orde do día debe acordarse no prazo de dez días hábiles a partir da data de recepción da comunicación, non cumpríndose este prazo de tratála na próxima sesión ordinaria do pleno, polo que coincidindo que para as 14:00 horas do día de hoxe estaba convocada unha comisión informativa convocouse esta sesión con carácter urxente.

Sometida a urxencia desta sesión a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, cun voto en contra (da concelleira do BNG), catro abstencións (do concelleiro/a do PP e da/dos concelleira/os do Grupo Municipal MI) e sete votos a favor (dos concelleiros/as presentes do Grupo Municipal VEDM), que representan a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, queda ratificada a urxencia.

Incorpórase á sesión o Sr. Alfonso Piñeiro.





Concello de Meaño

2º.- MOCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNS E PRESCRICIÓNS POLAS QUE PODERÍA AUTORIZAR A MODIFICACIÓN DA CONCESIÓN OUTORGADA POR ORDE MINISTERIAL DE 5 DE MARZO DE 2015 DE OCUPACIÓN DE 12.396 METROS CUADRADOS DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTE CON DESTINO Á INSTALACIÓN DUNHA ÁREA RECREATIVA NO LUGAR DE OS SEIXIÑOS DENA, T.M. MEAÑO, CO OBXECTO DE REALIZAR O PROXECTO “ACCESO DE MOVILIDADE PEATONAL AMABLE DESDE PUNTE DENA AO BORDO COSTEIRO” NO TERMO MUNICIPAL DE MEAÑO (PONTEVEDRA) (EXP.: 382/2021)

O Sr. alcalde-presidente da conta en extracto da moción da Alcaldía, cuxo tenor literal é o seguinte:

“MOCIÓN

ASUNTO: ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNS E PRESCRICIÓNS POLAS QUE PODERÍA AUTORIZAR A MODIFICACIÓN DA CONCESIÓN OUTORGADA POR ORDE MINISTERIAL DE 5 DE MARZO DE 2015 DE OCUPACIÓN DE 12.396 METROS CUADRADOS DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTE CON DESTINO Á INSTALACIÓN DUNHA ÁREA RECREATIVA NO LUGAR DE OS SEIXIÑOS DENA, T.M. MEAÑO, CO OBXECTO DE REALIZAR O PROXECTO “ACCESO DE MOVILIDADE PEATONAL AMABLE DESDE PUNTE DENA AO BORDO COSTEIRO” NO TERMO MUNICIPAL DE MEAÑO (PONTEVEDRA)

EXPEDIENTE: 382/2021

Con data 07/11/2023, n.º de rexistro de entrada 2023-E-RC-4669, ten entrada no Concello de Meaño oficio de traslado da “DOCUMENTACIÓN RELATIVA AL SOMETIMIENTO DE LA ACEPTACIÓN DEL AYUNTAMIENTO DE MEAÑO DE LAS CONDICIONES Y PRESCRIPCIONES POR LAS QUE PODRÍA AUTORIZARSE LA MODIFICACIÓN DE LA CONCESIÓN OTORGADA POR ORDEN MINISTERIAL DE 5 DE MARZO DE 2015 DE OCUPACIÓN DE 12.396 METROS CUADRADOS DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE CON DESTINO A LA INSTALACIÓN DE UN ÁREA RECREATIVA EN EL LUGAR DE OS SEIXIÑOS DENA, T.M. MEAÑO, CON EL OBJETO DE REALIZAR EL PROYECTO “ACCESO DE MOVILIDAD PEATONAL AMABLE DESDE PUENTE DENA AL BORDE COSTERO” EN EL TÉRMINO MUNICIPAL DE MEAÑO (PONTEVEDRA).

Segundo se sinala no devandito oficio e na Resolución de modificación substancial da concesión outorgada por Orde Ministerial do 5 de marzo de 2015 de ocupación de 12.396 metros cuadrados de dominio público marítimo-terrestre con destino á realización do proxecto “Área recreativa Os Pasales” no lugar de Os Seixiños-Dena, co obxecto de realizar o proxecto “Acceso de movilidad peatonal amable desde Puente Dena al borde costero” en el término municipal de Meaño (Pontevedra), deberá contestarse coa aceptación expresa antes de transcorridos DEZ DÍAS, a partir da data de recibo desta notificación; en caso contrario declararase concluído o expediente por desistimento do petionario, neste caso do Concello de Meaño.

A vista do que antecede e considerando que a aceptación deberá facerse polo Pleno da Corporación, e co ánimo de ir avanzando na tramitación deste expediente para acadar a finalidade





Concello de Meaño

pretendida que é dotar a Dena desta infraestrutura, o alcalde-presidente desta Corporación e voceiro do Grupo Municipal Veciños de Meaño, someta ao Pleno da Corporación a presente moción para a súa consideración segundo se sinala no artigo 97 en concordancia co artigo 91.4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a vez que se propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aceptar as condicións e prescricións, contidas na Resolución da Dirección General de la Costa y el Mar, de data 19-10-2023, polas que se podería autorizar a modificación da concesión outorgada por Orde Ministerial do 5 de marzo de 2015 de ocupación de 12.396 metros cuadrados de dominio público marítimo-terrestre con destino á instalación dunha área recreativa no lugar de Os Seixiños Dena, T.M., co obxecto de realizar o proxecto “Acceso de movilidad peatonal amable desde Puente Dena al borde costero” en el término municipal de Meaño (Pontevedra), quedando a superficie fixada en 13.349 metros cuadrados, e a concesión suxeita ás condicións e prescricións establecidas na Orde Ministerial de 5 de marzo de 2015, e as contidas nesta Resolución.

2º.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo Provincial de Costas de Pontevedra.”

Unha vez dado conta e seguindo o establecido no artigo 97 en concordancia co artigo 91.4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, procédese a someter a votación ordinaria a procedencia do debate deste asunto, acadando cinco abstencións (do/a concelleiro/a do Grupo Mixto e da/dos concelleira/os do Grupo Municipal MI) e oito votos a favor (dos concelleiros/as do Grupo Municipal VEDM), que representan a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación; procedendo ao seu debate e votación.

Unha vez deliberado o asunto e sometida a proposta de acordo a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, con cinco abstencións (do/da concelleiro/a do Grupo Mixto e da/dos concelleira/os do Grupo Municipal MI) e oito votos a favor (dos concelleiros/as do Grupo Municipal VEDM), acorda:

1º.- Aceptar as condicións e prescricións, contidas na Resolución da Dirección General de la Costa y el Mar, de data 19-10-2023, polas que se podería autorizar a modificación da concesión outorgada por Orde Ministerial do 5 de marzo de 2015 de ocupación de 12.396 metros cuadrados de dominio público marítimo-terrestre con destino á instalación dunha área recreativa no lugar de Os Seixiños Dena, T.M., co obxecto de realizar o proxecto “Acceso de movilidad peatonal amable desde Puente Dena al borde costero” en el término municipal de Meaño (Pontevedra), quedando a superficie fixada en 13.349 metros cuadrados, e a concesión suxeita ás condicións e prescricións establecidas na Orde Ministerial de 5 de marzo de 2015, e as contidas nesta Resolución.

2º.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo Provincial de Costas de Pontevedra.





Concello de Meaño

E non sendo outro o obxecto desta sesión, ás catorce horas e cincuenta minutos dáse por rematada, estendéndose a presente acta que certifico, co visto e praxe do Sr. alcalde-presidente.

Así mesmo, CERTIFICO:

Que de conformidade co acordo adoptado polo Pleno da Corporación, na sesión de data 29 de decembro de 2019, e co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase como anexo a videoacta resultante da gravación desta sesión, garantíndose a súa autenticidade coa seguinte sinatura dixital:

Formato : VIDEO (WMV)

Nombre archivo : {239F909B-0F6F-478C-9527-E68863C6B129}.wmv

SHA512(Firma) :

599de429ec27f4482e4fba5630f44501e5b1eaf6d143cd1b64209d9c30f0495dbfd8664300
d3309dc31a4b9d49f7cc0aafdafa5e72ffd279adb8701a3a40418d

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe

